



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expte nº:3098/2018

PROPOSTA PARA APROBACIÓN PLENARIA.

ASUNTO: APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO MARCO DOS OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN E Ó SERVIZO DE MADRUGA

Considerando que o Concello da Pobra do Caramiñal pretende favorecer a conciliación familiar dotando de maior flexibilidade e claridade a norma reguladora,

Vistos os informes emitidos polo Técnico de Administración financeira e a Intervención municipal.

Considerando que os prezos públicos propostos, aínda que non son suficientes para cubrir os custes das actividades, teñen un compoñente social que xustifica dita fixación por favorecer dita actividade ao conxunto das familias, permitindo compatibilizar a educación das fillas e fillos cos traballos dos proxenitores, e tendo en conta o previsto no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

Considerando o establecido no artigo 47.1 do RDL 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación coa competencia para fixación de prezos públicos.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Modificar a regulación do PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO MARCO DOS OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN E Ó SERVIZO DE MADRUGA, que se regulará polas seguintes normas de xestión:

“ PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO MARCO DOS OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN E Ó SERVIZO DE MADRUGA

ARTIGO 1.-FUNDAMENTO E NATUREZA

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

De conformidade co previsto nos artigos 127 e 41 a 47 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece o prezo público pola asistencia ás actividades desenvoltas no marco dos obradoiros de conciliación e ó servizo de madruga.

ARTIGO 2.- CONCEPTO

O prezo público regulado neste acordo constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polas persoas usuarias que voluntariamente soliciten a súa participación nas actividades definidas no artigo 1.

ARTIGO 3.- PERSOAS OBRIGADAS Ó PAGAMENTO

Están obrigadas ó pagamento do prezo público as persoas físicas ou xurídicas que soliciten e/ou participen nalgunha das actividades enumeradas no artigo 1.

ARTIGO 4.- CONTÍA

Os prezos públicos rexeranse polo seguinte cadro de tarifas:

OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN DE VERÁN-MÓVETE

- 60 €/persoa/mes completo
- 40 €/persoa/quincena
- 15 €/persoa/mes de xuño, días non lectivos
- 15 €/persoa/mes de setembro, días non lectivos

Se as persoas usuarias precisan o servizo de madruga aplicaranse as tarifas reguladas no apartado de servizo de madruga, dependendo do horario e da quenda que soliciten.

OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN DO NADAL

- 30 €/persoa/obradoiro

OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN DO ENTROIDO

- 9 €/persoa/obradoiro

OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN DA SEMANA SANTA

- 15 €/persoa/obradoiro

OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN PUNTUAIS

- 3 €/persoa/día solto

Nos obradoiros de conciliación do Nadal, Entroido, Semana Santa e conciliación puntuais, o servizo de madruga terá un custo de 1,5 €/día/hora e 2 €/día/hora e media. As persoas usuarias que teñan o servizo de madruga durante todo o ano a mes completo non estarán obrigadas a paga-lo servizo de madruga nos obradoiros de conciliación do Nadal, Entroido, Semana Santa e obradoiros de conciliación puntuais.

SERVIZO DE MADRUGA

- 20 €/persoa/mes completo, por unha hora e media/día
- 15 €/persoa/dúas semanas (consecutivas ou non), por unha hora e media/día
- 12 €/persoa/mes completo, por unha hora/día
- 8 €/persoa/quincena (consecutivos ou non), por unha hora/día
- Mes de xuño e setembro **período lectivo:**
 - 14 €/persoa por unha hora e media ó día
 - 8 €/persoa por unha hora ó día

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

Mes de xuño e setembro **período non lectivo:**

6 €/persoa por unha hora e media ó día

4 €/persoa por unha hora ó día

Días soltos:

1,5 €/día/hora

2 €/día/hora e media

Cando asistan 2 ou mais irmáns ou irmás simultaneamente á mesma actividade, a segunda persoa terá unha bonificación do 50% na cota, e a terceira asistirá de xeito gratuíto.

ARTIGO 5.- OBRIGA DE PAGAMENTO E PRAZOS

A obriga de pagamento xurdirá con carácter xeral cando se inicie a prestación dos servizos correspondentes. Non obstante, cando, por causas non imputábeis á persoa demandante do servizo, este non se prestase, procederase á devolución do importe efectivamente aboado.

O prezo público aboarase en réxime de autoliquidación e depósito previo, e deberá ser aboado cando se realice a solicitude do servizo. En todo caso, non se iniciará a prestación deste se non se realizou o depósito previo.

ARTIGO 6.- PROCEDIMENTO DE PREMA

As débedas pola falta do pagamento dos prezos estipulados no artigo 4 esixiranse polo procedemento de constrinximento de acordo co disposto nos artigos 10.1 e 46.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA. DEROGACIÓN NORMATIVA

Queda derogada a seguinte regulación:

- Prezos públicos pola asistencia ao campamento municipal de verán 2016 e ao taller madrugadores publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do día 21-06-2016 N° 117

- Prezo público a abonar pola asistencia as actividades desenvoltas no marco dos obradoiros móvete e ao taller madrugadores publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do día 20-10-2017 N° 200

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente acordo entrará en vigor trala publicación do seu texto no *Boletín Oficial da Provincia*, nos termos indicados no artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local."

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo en base ó previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde, tan amplamente como en dereito sexa posible, para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Pobra do Caramiñal

O Alcalde

José Luís Piñeiro García